

A Secretaría Xeral da Lingua financia cunha media de 2,6 euros por estudante os proxectos de fomento do galego nos centros públicos

A Xunta segue deixando de lado o sector educativo nas axudas para o fomento do galego. A nova mostra é a convocatoria dirixida aos centros de ensino públicos publicada pola Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude e que mantén o mesmo orzamento que o pasado ano, 450.000 euros, o que supón un investimento de media de **apenas 375 euros por centro educativo e de 2,6 euros por estudante**. Para a CIG-Ensino esta cantidade é totalmente irrisoria tendo en conta a situación crítica que vive a nosa lingua sobre todo pola falta de coñecemento e de uso por parte da poboación en idade escolar.

A Consellaría de Cultura relega o fomento do galego no ensino e a única partida que sobe con respecto ao ano pasado é a da propaganda, é dicir, as supostas campañas de normalización que na práctica serven para financiar todo tipo de eventos sen que estea contrastado que teñan esta finalidade. Así, esta contía sobe en máis de un millón de euros mentres que a dirixida ás Equipas de Dinamización Lingüística mantense en 450.000 euros para os centros públicos e en 50.000 euros para os privados. Tal e como xa denunciara a CIG-Ensino na análise dos orzamentos para 2026, no último goberno de Fraga esta contía sumaba

680.000 euros e non hai nada que xustifique un descenso nesta cantidade, mais ao contrario se se ten en conta a alarmante situación sociolingüística actual. Por outra banda, esta cantidade contrasta cos máis de 2,3 millóns de euros previstos para fomentar este ano os idiomas estranxeiros mediante programas fóra do currículo académico en centros públicos e privados.

Activar a campaña “Eu Ensino en Galego” e posta ao día do Proxecto Lingüístico de Centro

A CIG-Ensino segue intentado contrarrestar a perda de falantes entre a poboación escolar e animando ao profesorado a que actúe como axente galeguizador nas aulas. Para iso lanzou a comezos de curso unha campaña baixo o lema “Eu Ensino en Galego” con chapas, colantes, calendarios, imaxes dixitais e cartaces para visibilizar os efectos negativos que tivo o Decreto de Plurilingüismo no ensino galego. O material pode atoparse nesta ligazón da web para o seu uso por parte do profesorado e a súa distribución entre familias e alumnado. A maiores **actualizouse desde a súa publicación a Guía para a posta ao día do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC)**

con máis recursos para que o persoal docente implicado na elaboración deste documento poida actualizalo ou redactalo de novo tendo en conta a actual situación sociolingüística do seu centro que puido mudar a respecto da última vez que se revisou (segundo a normativa cada 4 anos). Cómpre lembrar que este PLC é unha das poucas ferramentas coas que se conta para a normalización lingüística partindo das particularidades de cada colexio, instituto ou centro.

Nel recóllese en que lingua se imparte cada materia co obxectivo de propiciar as transferencias a partir da lingua minorizada, as medidas que se van poñer en marcha para que o alumnado adquira competencia nas dúas linguas cooficiais ao remate de cada etapa e o fomento do galego nas actividades e funcionamento ordinario do centro.

A versión actualizada do documento conta con varios modelos de enquisas para as familias, centro, profesorado e alumnado, así como de probas para avaliar a competencia comunicativa; ademais de trípticos informativos sobre o Tratamento Integrado das Linguas (TIL), un caderno TIL do profesorado e do alumnado e exemplos de actividades e situacións de aprendizaxe.

15 anos de **De(s)creto**



NON PODEN USAR O QUE NON SABEN

**Un de cada tres menores
de 14 anos afirma
non saber falar
a nosa lingua**

**(O dobre que
no ano 2008)**



**eu ensino
en galego**